

## **XEORRUTA POR RINLO E AS CATEDRAIS**

Os pasados 25 e 29 de setembro os alumnos de 4º ESO e 1º Bacharelato que cursan Bioloxía e Xeoloxía como optativa, tiveron a oportunidade de facer unha Xeorruta por As Catedrais e Rinlo. Foron catro horas de percorrido e explicacións a cargo de Francisco Canosa e Iván Lombardero, que nos explicaron de forma moi sinxela e gráfica como a nosa morfoloxía costeira está totalmente condicionada polas fracturas do terreo.

Aprendemos moitas cousas do noso Monumento Natural, a Praia das Catedrais: que está formada por rochas de 500 millóns de anos, que hai 350 m.anos nesta zona había unha cordilleira con altitude de 8000m, que foi totalmente erosionada e rexuveneceu ó formarse os Alpes orixinando as montañas actuais...

Observamos as capas de lousas e cuarcitas e a súa erosión diferencial, as fracturas como responsables de case todo, as distintas fases ata chegar á formación dos arcos: fractura, gruta, túnel rochoso, ollo e arco. Tamén sabemos xa que o tempo estimado para a formación dos arcos é de 15.000- 18.000 anos e por que se concentran tres (probablemente houbo máis) nunha determinada zona da praia.

Fomos pola Praia pero tamén pola parte alta do cantil ata Esteiro e démonos conta de que a zona máis vulnerable é precisamente a de arriba, na que non hai ningunha regulación e na que xa se empezan a observar os problemas derivados da avalancha de visitantes pois o solo xa desapareceu en moitas zonas e iso supón un problema importante de cara á conservación, posto que acelera o proceso erosivo.

En Rinlo tamén fixemos varias paradas moi interesantes: para ver zona de meteorización alveolar, zona de pregues-fallas simultáneos, zona de depósitos coincidentes con períodos nos que o nivel do mar era superior ó actual, o afloramento de rochas subvolcánicas que hai no porto así como as cetáreas e mesmo o primeiro faro privado que houbo na Península.

En definitiva, foi un tempo moi ben aproveitado no que todos aprendemos moito. Agradecemos ó concello a súa colaboración para poder facer esta actividade e aproveitamos para seguir recordando a D. Isidoro Asensio Amor, gran xeólogo moi coñecedor desta zona e de quen este curso celebramos o seu centenario.